

## **4.2. 2º DE BACHARELATO**

### **Bloques de contido de 2º de Bacharelato**

#### **Bloque 1(B1). Comunicación oral: falar e escoitar.**

B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.

B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.

B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).

B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.

B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.

B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.

B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.

B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.

B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuizos que se poidan asociar a ela.

## **Bloque2 (B2). Comunicación escrita. Ler e escribir.**

B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.

B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados

B2.3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.

B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.

B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC.

B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión.

### **Bloque3 (B3). Funcionamento da lingua (Lingüística).**

B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.

B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia.

B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.

B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.

B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas.

B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

### **Bloque4 (B4). Lingua e sociedade (Sociolingüística).**

B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

B4.2. Construción da variante estándar da lingua galega. Interferencias lingüísticas: castelanismos.

B4.3. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.

B4.4. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.

B4.5. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.

B4.6. A evolución da conciencia lingüística.

### **Bloque5 (B5). A literatura.**

B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936:

- Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.
- Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.
- Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.

B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975:

- Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.
- Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.
- Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade:

- Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
- Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.
- Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.

B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

#### **4.2.1 CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS**

- Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
- Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso.
- Respectar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
- Ler comprensivamente.

- Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
- Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.
- Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
- Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal.
- Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
- Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
- Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
- Recoñecer a presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias. Repasar casos de ortografía dubidosa.
- Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
- Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.

- Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
- Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
- Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos, e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
- Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
- Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
- Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
- Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a súa historia.
- Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
- Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.

- Identificar, analizar e describir a literatura galega desde principios do século XX ata a actualidade, en todos os seus xéneros e subxéneros e con todas as súas correntes estéticas sucesivas.
- Ler e comentar textos significativos da literatura galega desde principios do século XX á actualidade, identificar as súas características temáticas e formais e recoñecer a súa relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero a que pertencen.
- Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa do período literario referido.

#### **4.2.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS EN 2º BACHARELATO**

##### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

- Comprende o sentido dos textos escritos.
- Capta o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Goza coa lectura.
- Expresa oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.
- Utiliza o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Produce distintos tipos de textos creativamente con sentido literario e tamén textos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.



- Respecta as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.
- Manexa elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Entende o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso da mesma.
- Utiliza os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

#### COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ (CSC)

- Valora o galego como lingua propia de Galicia.
- Valora a pluralidade lingüística como un valor que se debe preservar e respecto polas persoas que utilicen unha lingua diferente.
- Reflexiona sobre a situación social do galego e as propias actitudes cara a el, desvelando os prexuízos subxacentes ao seu uso en determinados contextos.
- Valora a importancia de conservar e poñer en valor o patrimonio lingüístico de Galicia.
- Respecta a existencia do portugués e valoración desta como lingua irmá do galego.
- Coñece e respecta a existencia de diferentes variedades dialectais e sociais da lingua.

- Analiza os topónimos e antropónimos e identificación dos problemas sociolingüísticos derivados do uso que deles realizan as administracións públicas e as persoas.
- Comprende as circunstancias que condicionan o uso social do galego.
- Reflexiona sobre o emprego do galego nos medios de comunicación, concienciación da necesidade da existencia de medios de comunicación en lingua galega e valoración do seu papel normalizador.
- Amosa respecto polas quendas de intervención, comprensión do interlocutor e petición de palabra.

#### COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E DIXITAL (CD)

- Emprega distintas fontes para a busca de información.
- Selecciona o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elabora e publicita información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utiliza as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprende as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexa ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualiza o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplica criterios éticos no uso das tecnoloxías

## COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC)

- Mostra respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valora a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresa sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Aprecia a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elabora traballos e presentacións con sentido estético.

## COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)

- Adquire novo léxico mediante a utilización do dicionario.
- Le, comprende e analiza textos de distintas tipoloxías: narrativo, cómic, xornalísticos, informativo, poético, teatral.
- Amplía o léxico propio de distintos campos semánticos.
- Elabora resumos que permiten recoller as ideas principais dun texto.
- Aplica o esquema como técnica da escrita que permite visualizar as ideas principais e secundarias dun texto.
- Aplica o subliñado como técnica da escrita que permite resaltar as ideas máis importantes dun texto.
- Aplica o mapa conceptual como recurso que permite representar de forma gráfica as ideas dun texto ordenadas segundo a súa importancia.

- Recoñece e utiliza a revisión e a presentación dos textos como técnica da escrita que permite mellorar a caligrafía, a limpeza e a disposición, e, polo tanto, o proceso comunicativo.
- Localiza, recoñece e emprega con corrección os principais mecanismos de cohesión textual: anáfora, deixes, substitución, conectores textuais.
- Recoñece castelanismos e substitúeos pola palabra correcta en galego.

#### COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

- Fai unha lectura crítica de textos narrativos sobre temas de actualidade.
- Fai unha análise formal dos titulares periodísticos, distinguindo entre os informativos e os valorativos.
- Fai unha observación crítica de distintos formatos de xornais, diferenciando a opinión da información e detectando posibles incorreccións formais e estilísticas.
- Fai unha análise crítica da situación social da muller na actualidade.
- Interpreta os xiros lingüísticos empregados como eufemismos, tanto na produción escrita como na oral.

### 4.2.3. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTIDOS, COMPETENCIAS, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
<b>Bloque 1: Comunicación oral: escoitar e falar</b>					
d e g h	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.	LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.  LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	Case sempre identifica a intención comunicativa dos textos orais e a maioría das súas ideas principais e secundarias. Recolle as ideas principais en resumos ou esquemas. Interpreta textos orais de dificultade media e emite xuízos críticos sobre eles.	CCL   CCL  CAA
d e h i	B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).	LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo). LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. LGB1.2.3. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	Comprende a maior parte dos contidos relevantes dunha presentación ou charla e case sempre recoñece as distintas estratexias de organización do contido dun tema especializado. Escoita activamente, ás veces toma notas e formula algunha pregunta para aclarar ideas.	CCL  CAA  CCL
d e g h	B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.	LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias. LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.	Identifica a intención comunicativa e o tema en anuncios. Identifica algunhas características dos xéneros informativos e de opinión e explica algúns recursos verbais e non verbais. Analiza de forma crítica o contido das mensaxes publicitarias e procura evitar usos lingüísticos discriminatorios.	CCL CAA  CCL CAA CSC  CCL CSC  CAA CCL

Obx.	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
d e g h	B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.	LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias. LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.	Identifica a intención comunicativa e o tema en anuncios. Identifica algunhas características dos xéneros informativos e de opinión e explica algúns recursos verbais e non verbais. Analiza de forma crítica o contido das mensaxes publicitarias e procura evitar usos lingüísticos discriminatorios.	CCL CAA  CCL CAA CSC  CCL CSC  CAA CCL
a b e	B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	Identifica algúns recursos que lle dan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. Case sempre respecta as quendas e as opinións alleas e aplica as normas de cortesía. Recoñece a importancia da entoación, as pausas, o volume e a mirada. Habitualmente controla as emocións ao falar en público.	CCL  CSC CAA  CCL CSC CSIEE
d e g h i m	B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación	B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así	LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cinguese ao	Case sempre planifica os seus textos orais e produce discursos coherentes e adecuados, aínda que con algún problema de cohesión. Ás veces consulta fontes de información e revisa os	CAA CCL  CAA  CCL

Obx.	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
	comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	tema e non divaga LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa. LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. LGB1.5.7. Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio. LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	borradores e esquemas. Case sempre presenta os contidos ordenados e claros, cínguese ao tema, pero hai algúns erros gramaticais. En xeral entoa adecuadamente, fai pausas e o seu volume é axeitado. Mira ao auditorio e case sempre consegue controlar as emocións ao falar en público. Exprésase con bastante facilidade e esfórzase en buscar alternativas na expresión. Mantén o rexistro adecuado a maior parte do tempo. Responde as preguntas do auditorio, pero non sempre con seguridade. Ás veces emprega as TIC para documentarse e elabora con elas presentacións adecuadas á situación.	CCL CSC CSIEE  CCL  CSIEE  CCL CSIEE  CD CCL CAA
e	B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	Case sempre produce textos orais espontáneos coherentes e adecuados á situación, pero presentan algunhas incorreccións. Participa con bastante fluidez nas intervencións espontáneas, coloca ben os pronomes, distingue as 7 vogais, o n velar e o fricativo palatal xordo, pero comete algúns erros morfosintácticos. De cando en vez emprega fraseoloxía nas súas intervencións orais espontáneas e procura variar o seu léxico.	CCL  CCL  CCL  CCL
e g h i	B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética. LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	Desenvolve un tema do currículo con bastante claridade e rigor, aínda que presenta algúns erros gramaticais. Procura empregar léxico preciso	CCL  CCL

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
				e trata de evitar os coloquialismos e palabras comodín.	
a b e	B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	Con frecuencia expón argumentos comprensibles, pero non moi convincentes e ás veces comenta as intervencións dos demais. Case sempre respecta as quendas e as opinións alleas e procura evitar a linguaxe discriminatoria.	CCL CAA CSC  CCL CSC
a b c e m	B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	Desenvólvese eficazmente na maior parte das situacións da vida diaria e de traballo e, ás veces, participa en conversas informais.	CCL CSC CSIEE
b d e	B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	Con frecuencia recoñece nas súas propias exposicións e nas alleas, algunhas incoherencias, repeticións, caídas de rexistro, castelanismos ou erros fonéticos. Ás veces diseña algunha estratexia para mellorar autonomamente.	CAA CCL   CAA
e	B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	A maior parte das veces recoñece a pronuncia galega correcta, identifica algúns erros nas producións alleas e case sempre produce discursos orais que seguen a prosodia e fonética galegas. Recoñece e rexeita algúns prexuízos asociados á pronuncia. Se a posúe, usa a súa variante dialectal.	CCL CAA  CCL CSC  CCL CSC



Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
<b>Bloque 2: Comunicación escrita: ler e escribir</b>					
b d f h	B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.	B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais. LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos. LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.	Recolle a maior parte das ideas dun texto en resumos ou esquemas. Interpreta o sentido global e identifica o propósito da maioría dos textos argumentativos e expositivos. Diferencia a maioría das ideas principais e algunhas secundarias deste tipo de textos e sintetízalos. Algunha vez usa recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión do texto.	CCL CCA CCL CCL CCL CD CAA
b f h	B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados.	B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.	Case sempre planifica os seus traballos e ás veces revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final. A maior parte das veces usa o rexistro lingüístico axeitado, aínda que pode presentar desviacións. Utiliza distintos mecanismos de cohesión, pero non moi variados.	CCL CCL CSC
b d f h	B2.3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.	B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.	LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical. LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos.	Desenvolve un tema do currículo con bastante claridade e rigor, pero presenta algúns erros ortográficos e gramaticais. Procura evitar os coloquialismos e as palabras comodín, trata de usar léxico preciso e incorpora algún termo especializado. Procura organizar os contidos dos traballos segundo os obxectivos e defende a súa opinión con argumentos, aínda que non sempre son sólidos.	CCL CCL CCL CCL CSC
d	B2.4. Análise e	B2.4. Analizar e comentar textos	LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos,	Describe algúns trazos morfosintácticos dos textos	CCL

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
f h	comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.	expositivos e argumentativos. Recoñece o estilo directo, o indirecto e o indirecto libre.	
b e f h	B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión.	B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.	LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos. LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.	Utiliza recursos básicos de cohesión, tanto gramaticais como léxico-semánticos. Describe algúns trazos dos tipos de rexistro e analiza algunhas manifestacións lingüísticas.	CCL CAA  CCL CAA
<b>Bloque 3: Funcionamento da lingua</b>					
e	B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.	B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.  LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	Distingue o grao de abertura das vogais tónicas e define algún fonema consonántico. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación.	CCL CAA CCEC CCL CCEC
d e	B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia.	B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.	LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.	Distingue, razoadamente, os bloques dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio.	CCL CCEC
e	B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus	B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a	LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de	Explica os procedementos de formación de palabras e analiza	CCL CAA CAA

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
	procedementos de formación.	mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.	morfemas, así como a análise morfolóxica. LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.	a estrutura morfolóxica das categorías nominais e verbais.	CAA
e	B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.	B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.	LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	Diferencia entre unidades e funcións sintácticas e recoñece as diferentes estruturas.	CAA
e	B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas.	B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.	LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	Identifica e explica as relacións semánticas. Define palabras no seu contexto.	CCL CAA
b e h	B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en proxectos, procura evitar os estereotipos lingüísticos e valora algo a súa competencia plurilingüe.	CCL CAA CD
b e	B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia	B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a	LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	Ás veces utiliza algúns coñecementos lingüísticos para mellorar a comprensión e produción doutras linguas.	CCL CAA

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
	comunicativa integrada.	produción de textos.			
<b>Bloque 4: Lingua e sociedade</b>					
p	B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.	B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.	Recoñece algúns estereotipos lingüísticos. Elabora traballos nos que se abordan cuestións sociolingüísticas.	CCL CSC  CCL CSC
h p	B4.2. Construción da variante estándar da lingua galega. Interferencias lingüísticas: castelanismos.	B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.	LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.	Coñece as fases de elaboración do estándar galego. Recoñece a maior parte dos castelanismos e produce discursos que tratan de evitalos, aínda que conteñen algúns.	CCL  CCL CCEC
p	B4.3. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.	LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916- 1978 no desenvolvemento posterior da lingua. LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	Distingue algunhas características lingüísticas do galego moderno (de 1916 a 1978). Describe os trazos xerais da situación sociolingüística do galego entre 1916 e 1978. Coñece a importancia da etapa 1976-78 na situación posterior da lingua. Identifica o galego moderno en textos.	CCL  CCL CSC  CCL  CCL CSC  CCL

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
p	B4.4. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.	B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.	LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade.	Distingue algunhas características lingüísticas do galego moderno (desde 1978 á actualidade). Describe os trazos xerais da situación sociolingüística do galego entre desde 1978 ata a actualidade. Sabe que o galego é unha lingua en vías de normalización e sinala algunhas debilidades e fortalezas. Identifica en textos algunhas características da lingua desde 1978 á actualidade.	CCL CCL CSC CCL CSC CCL CSC CCL
p	B4.5. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	Elabora un esquema sobre as diferentes etapas e características do galego.	CCL
p	B4.6. A evolución da conciencia lingüística.	B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	Coñece algúns elementos da evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	CCL CSC
<b>Bloque 5: Educación literaria</b>					
e n	B5.1. Literatura galega de 1916 a	B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936:	LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e	Identifica textos de Manuel Antonio e Cabanillas e explica	CCL

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
	1936: Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.	Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.	outros/as autores/as. LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	algúns trazos da súa poesía. Identifica textos de Otero Pedrayo, Risco e Castelao e describe algúns trazos da súa prosa. Describe algúns trazos do teatro das Irmandades, o Grupo Nós e as Vangardas.	CCL  CCL
edn	B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos de Manuel Antonio e Cabanillas traballados na clase. Le e comenta textos de Otero Pedrayo, Risco e Castelao. Le e comenta, de xeito guiado, textos do teatro de 1916 a 1936.	CCL
en	B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro	B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a lírica galega entre 1936 e 1975. LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975. LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	Describe algúns trazos da poesía do exilio, da Xeración do 36 e da Xeración das Festas Minervais. Describe algúns trazos da prosa de Eduardo Blanco-Amor, Cunqueiro, Fole e Neira Vilas, así como da NNG. Describe algúns trazos do teatro do exilio, da Xeración dos 50 e do Grupo de Ribadavia.	CCL CCL CCL

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
	Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.				
e d n	B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos de Celso Emilio Ferreiro e dos autores da Xeración dos 50. Le e comenta textos teatrais de Eduardo Blanco-Amor, Cunqueiro, Fole e Neira Vilas, así como da NNG. Le e comenta textos teatrais de Vidal Bolaño e de Manuel María.	CCL  CCL  CCL
e n	B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as	B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	Describe algúns trazos dos poetas dos 80 e dos 90. Describe algúns temas e tendencias da prosa desde 1975 ata a actualidade. Describe algúns trazos do teatro dos 80 e dos 90, ademais da situación actual.	CCL  CCL  CCL

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Comp.
	dos 80, os 90 e o novo século. Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	século.			
e d n	B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade e identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos dos poetas dos 80 e dos 90. Le e comenta textos de prosistas do 1975 ata a actualidade. Le e comenta textos representativos do teatro actual.	CCL   CCL  CCL
e n	B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	Comenta, de xeito guiado, unha obra de cada un dos períodos anteriores.	CCL



#### **4.2.4. TEMPORALIZACIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

(Ver cadro na seguinte páxina)

**NOTA:** Hai que ter en conta que esta é una programación a priori, polo que a aplicación desta temporalización pode sufrir variacións dependendo do tipo de alumnado, das saídas extraescolares e doutros posibles parámetros. Estas modificacións recolleranse no seguimento da programación ao longo do curso. O mesmo acontece cos procedementos e ferramentas de avaliación. Ademais hai que ter en conta que hai que estar pendentes das indicacións que se vaian dando para a realización da Reválida que se implanta este curso.

O exame será coma o da ABAU coas seguintes modificacións. As preguntas 1 e 2 valerán 1 pto. As preguntas 4 e 5 valerán 3 ptos.

		TEMPORALIZACIÓN		
2º BAC		1(2ª semana set. á 1ª out.) 2 (2ª á 3ª semana de out.) 3(4ª semana out. A 1ª nov.) 4 (2ª e 3ª semana nov.) 5(4ª semana nov.a 3ª dec)	UNIDADE 6 (1ª e 2ª semana xan.) UNIDADE 7 (2ª e 3ª semana xan.) UNIDADE 8 (4ª semana xan a 1ª feb.) UNIDADE 9 (2ª e 3ª semana feb) 10 (4ª semana feb e 1ª marzo)	UNIDADE 11(2ª a 3ª semana marzo) UNIDADE 12 (4ª semana marzo. a 1ª abril) UNIDADE 13 (2º e 3ª semana abril ) UNIDADE 14 (4ª semana abr.a 1ª maio) UNIDADE 15 (2ª e 3ª semana maio)
ELEMENTOS CURRICULARES	BLOQUE 1	Comunicación oral. Formas de comunicación oral. (U.1, 2, 3, 4, 5) Fonética e fonoloxía. (U.2)	A argumentación (U.6, 7, 8, 9, 10)	Os medios de comunicación. A publicidade. (U.11, 12, 13, 14, 15)
	BLOQUE 2	O texto. As propiedades do texto (U.4). Comentario de texto. (U.4)	Comentario crítico. (U.6, 7)	Propiedades do texto . Reelaborar textos. . Crear textos. (U.11, 12, 13, 14, 15)
	BLOQUE 3	- Unidades, funcións e relacións. A frase. A estrutura da palabra (U.1) - As funcións clausais. Substantivo e adxectivo (U.2) - Tipoloxía das cláusulas. Unidade e diversidade das linguas. Pronome persoal (U.3, 4) - O verbo. (U.5) - A semántica. (U.5) - Ortografía: Ditongos e hiatos.O acento diacrítico. (U.1)	- O verbo. (U.6) - As conxuncións (U.7) - As relación semánticas. (U.6) - O cambio semántico. (U.7)	
	BLOQUE 4	A lingua común ou variedade estándar. O proceso de estandarización do galego. As desviacións da norma culta: vulgarismos, arcaísmos e hiperenxebrismos. Préstamos e interferencias (U.4) Conflito lingüístico e prexuízos. Conflito lingüístico e diglosia. Os prexuízos lingüísticos. (U.5)	A situación sociolingüística de Galiza. Factores sociolingüísticos que configuran a situación actual. O galego: lingua minorizada, non minoritaria. O galego: lingua en proceso de normalización. (U.6) Funcións e ámbitos de uso da lingua. Competencias, lingua inicial e usos. As competencias lingüísticas e os ámbitos de uso. (U.7) A lingua galega entre 1890 e 1936 (U.8)	A lingua galega durante o franquismo (1936-1975). Contexto histórico, social e cultural: a guerra civil e as súas consecuencias; a ditadura franquista. A resistencia lingüística e cultural. (U.11). A lingua galega na actualidade. Contexto sociopolítico. Características do galego na actualidade. (U.15)
	BLOQUE 5		A literatura do primeiro terzo do século XX. (U.8, 9,10)	Literatura galega na diáspora (U.11) A literatura galega de posguerra: a poesía. (U.12) A literatura galega de posguerra: narrativa, ensaio e teatro. (U.13) A xeración dos 50. (U.14) Tendencias da literatura galega actual: narrativa e ensaio. (U.15)
PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		✓ <b>Probas de avaliación dos elementos curriculares</b> (1 EXAME POR TRIMESTRE) ✓ <b>Proba de avaliación inicial</b> (AO INICIO DO CURSO ACADÉMICO) ✓ <b>Seguimento de control</b> (TAREFAS DIARIAS)		